

## COMENTARIO DO RÉXIME DUN RÍO


O réxime dun río depende da distribución mensual das precipitacións e da maior ou menor importancia da precipitación nival.

Para representar o réxime dun río, utilízanse gráficas nas que se sitúan, no eixo inferior, os meses do ano, e no eixo vertical, o coeficiente de caudal mensual (k), que é o resultado de dividir o caudal medio de cada mes entre o caudal medio anual ou módulo absoluto. Ambos valores obtéñense a partir de medias de datos rexistrados durante un período de polo menos trinta anos. O valor 1 significa sen variación de caudal, un valor superior a 1 indica augas altas e un valor inferior a 1, augas baixas.


### 1. Determinación do réxime dun río

a) Os ríos de **réxime nival** teñen o seu caudal determinado polas achegas hídricas procedentes da fusión da neve. Son ríos caudalosos, cun máximo destacado en primavera (cando se produce o desxeo) e un mínimo en inverno (auga retida en forma de neve ou xeo). O réxime nival correspóndelles ós ríos de montaña e responde a dous tipos básicos:

- **Réxime nival puro.** Corresponde a ríos de alta montaña, situados en cotas próximas ós 2500 metros. As augas altas son tardías (xuño-xullo), xa que nestas alturas a neve tarda máis en fundirse.



- **Réxime mixto.** Corresponde a ríos de montaña media, situados en altitudes inferiores ós 2500 metros. Teñen un máximo principal anterior ó mes de xuño, xa que a neve se funde antes, e un máximo secundario no outono de tipo pluvial.




- Nos ríos cun **réxime nival pluvial** (entre os 2000 e os 2500 metros), as augas altas aparecen en maio e a estiaxe do verán non é moi profunda.
- Nos ríos cun **réxime pluvial-nival** (entre os 1600 e os 1800 metros), xa non hai retención de neve no inverno, as augas altas son en abril ou en marzo e a estiaxe do verán alóngase ata o outono.




b) Os ríos de **réxime pluvial** teñen o seu caudal estritamente determinado polo réxime de precipitacións. Os tipos básicos son os seguintes:


- **Réxime pluvial oceánico.** Corresponde ós ríos da vertente cantábrica. O seu caudal é abundante, con augas altas en inverno e destacada estiaxe en verán. Sen embargo, esta non é tan acusada como a dos ríos mediterráneos, nin implica escaseza de caudal, posto que os seus valores son relativos ó propio río e refírense a un módulo absoluto elevado.




- **Réxime pluvial mediterráneo puro.** Corresponde ós ríos do litoral levantino peninsular. O seu caudal é escaso e irregular. Presenta tres picos de máxima (dous coincidindo coas precipitacións de primavera, en febreiro-marzo e maio-xuño, e un coincidindo coas precipitacións de outono, en setembro-outubro) e tres picos de mínimos (o principal coincidindo coa seca de verán e os outros dous, menos acusados, en xaneiro e marzo-abril).



- **Réxime pluvial mediterráneo continentalizado.** Corresponde a ríos do interior peninsular. Teñen unha estiaxe longa e pronunciada no verán e augas altas en primavera (marzo, abril e maio) e outono (novembro e decembro).



- **Réxime pluvial subtropical.** Corresponde ós ríos meridionais da Península, especialmente ós da conca do sur. Teñen un caudal moi escaso e irregular, cun acusado mínimo en verán, con sete meses por debaixo da unidade (maio e novembro). As augas altas van asociadas ás chuvias invernales (febreiro e marzo), con diminución en xaneiro, por influencia do anticiclón peninsular.



## 2. Determinación da zona xeográfica á que pertence o río

- Os ríos de réxime nival corresponden a zonas de montaña alta ou media da Península.
- Os ríos de réxime pluvial corresponden ó resto da Península. A zona determinase en función do momento en que teñen lugar os máximos e mínimos de precipitacións (máximos e mínimos de caudal).

## 3. Conclusións sobre os recursos hídricos

Tendo en conta o caudal e a regularidade do río, hai que establecer:

- O seu aproveitamento (rego, uso hidroeléctrico, etc.).
- A necesidade de obras de regulación para o abastecemento e a prevención de catástrofes.

© Fonte: editorial Anaya